



Espazos sonoros

músicas en espazos de
interese cultural <<<<

Do 1 de setembro ao 7 de outubro de 2018

espazossonoros.org
cultura.gal

XUNTA DE GALICIA

Espazos sonoros

Organiza

Xunta de Galicia
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
Secretaría Xeral de Cultura

Dirección artística

Belén Bermejo López

Redacción

Andrés Díaz Pazos, Carlos Penela Martín e Belén Bermejo López

Coordinación

Asociación Cultural Silva de Sons

Imaxe, documentación gráfica e comunicación

Sirgo Torcendo

Maquetación

Cátia Leite

Producción técnica

Goyplasón

Imprime

Gráficas Garabal, SL

DL: C 1196-2018

Espazos sonoros

Espazos Sonoros regresa á axenda cultural de Galicia con novas propostas musicais para a descuberta de lugares singulares do noso patrimonio. Algunhas das figuras máis recoñecidas do panorama da música antiga participan na undécima edición do festival, cun programa que destaca, un ano máis, pola súa personalidade e calidade.

O campamento romano de Ciadella, xoias do románico como a igrexa de San Xiao de Moraime, os muíños do río Negro, a fortaleza da Frouseira ou a illa de Sálvora, cuxo arquipélago foi declarado este ano ben de interese cultural como paisaxe cultural, son algúns dos escenarios nos que se desenvolven os concertos e as actividades da programación, que tamén propón un achegamento a figuras senlleiras da nosa cultura e da nosa historia, como o Patriarca das letras galegas, Ramón Otero Pedrayo, ou o mariscal Pardo de Cela.

A música, o patrimonio e a natureza son, pois, os principais vimbios cos que se constrúe cada unha das citas desta experiencia artística que nos leva por recunchos excepcionais da nosa terra. Desfruten desta nova viaxe.

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Espazos sonoros

Como directora artística dun festival, unha das tarefas máis apaixonantes é a de definir, de ano en ano, as liñas da programación. Decidir que músicas haberán de encher cada un dos espazos escollidos, que propostas encaixan mellor nas diferentes arquitecturas, que formacións estranxeiras sería bo que visitasen Galicia para facernos partícipes do que acontece no resto do mundo, que formacións galegas deberían, sen máis demora, subir ao escenario dun dos nosos espazos sonoros. Elixir cales deben ser eses novos escenarios que nos permitan saír, unha vez máis, á procura do coñecemento da inmensa riqueza do noso pasado, convertido así en presente. Imaxinar e deseñar, en colaboración coas entidades e persoas preocupadas polo desenvolvemento local, as actividades que nos permitirán gozar de xornadas intensas de convivencia arredor da natureza e do patrimonio.

É unha tarefa non exenta de dilemas e dificultades para un festival modesto nos seus recursos, mais que se ve tamén compensada por unha inexplicable satisfacción: a satisfacción de ver os nosos esforzos frutificaren, ao poder presentar, un ano máis, un completo programa de músicas cun discurso propio, pensado para un público que, lonxe de representar unha simple cifra estatística, inspira e orienta cada obxectivo e os camiños que debemos percorrer para acadalo. Ese público é xa un refinado cómplice deste retador proceso intelectual que supón concibir unha programación.

Sería o meu desexo poder transmitir a miña, a nosa, paixón pola música e polas cousas sinxelas pero feitas con esmero, e convidarvos, un ano máis, a que nos acompañedes nesta xa tradicional cita, á volta do verán, ao longo dos Espazos Sonoros.

Ata moi pronto!

Belén Bermejo López
Directora artística do festival Espazos Sonoros



ESPAZOS SONOROS 2018 ...///

SETEMBRO

Sábado 1 de setembro, 20.00 h

Marés

CONCERTO INAUGURAL

O QUINTEIRO DE TEMPERÁN, O GROVE (PONTEVEDRA)

Coñece o teu patrimonio. Ás 10.00 h, xornada a carón das Illas Atlánticas

>>>>páx. 10

Domingo 2 de setembro, 19.00 h

Sax Antiqua

CAMPAMENTO ROMANO DE CIADELLA, SOBRADO (A CORUÑA)

Coñece o teu patrimonio. Ás 17.00 h, visita contextualizadora

>>>>páx. 14

>>>>páx. 42

>>>>páx. 15

Sábado 8 de setembro, 20.30 h

Capella Sancta Maria

IGREXA DE SANTA MARÍA, BAIONA (PONTEVEDRA)

>>>>páx. 16

>>>>páx. 44

Sábado 15 de setembro, 19.00 h

M.Sancho Quartet

CASA GRANDE DE TRASALBA, AMOEIRO (OURENSE)

Coñece o teu patrimonio. Ás 11.00 h, xornada literaria e de lecer arredor da figura de Otero Pedrayo

>>>>páx. 18

>>>>páx. 46

>>>>páx. 20

Domingo 16 de setembro, 19.00 h

VIVID Consort

SAN MARTIÑO DE MONDOÑEDO, FOZ (LUGO)

Coñece o teu patrimonio. Ás 15.00 h, tras as pegadas do mariscal

>>>>páx. 22

>>>>páx. 48

>>>>páx. 24

Domingo 23 de setembro, 17.00 h

Obradoiro de achegamento á música antiga

SANTA MARÍA DE CASTRELO, CASTRELO DE MIÑO (OURENSE)

Coñece o teu patrimonio. Ás 15.00 h, visita ao taller de luthería de Ismael Vaz

>>>>páx. 26

>>>>páx. 50

>>>>páx. 28

Domingo 30 de setembro, 19.00 h

PER-SONAT

SAN PEDRO FIZ DO HOSPITAL, O INCIO (LUGO)

Coñece o teu patrimonio. Ás 12.00 h, roteiro polo patrimonio arqueolóxico, xeolóxico e industrial do Incio

>>>>páx. 30

>>>>páx. 52

>>>>páx. 32

OUTUBRO

Domingo 7 de outubro, 19.00 h

Romanza

CLAUSURA

SAN XIAO DE MORAIME, MUXÍA (A CORUÑA)

Coñece o teu patrimonio. Ás 12.00 h, ruta dos muíños

>>>>páx. 34

>>>>páx. 54

>>>>páx. 36

COMO CHEGAR:

Para coñeceres a localización de cada un dos espazos, busca en Googlemaps o mapa de Espazos Sonoros 2018.

DEBES TER EN CONTA:

Os concertos son de balde e a entrada libre, ata completar a capacidade.

Nas actividades con prazas limitadas sinaladas no catálogo, é imprescindible a inscrición previa nas datas establecidas a través do correo actividades@espazossonoros.org.

Cada persoa poderá realizar un máximo de catro reservas. Para a reserva deberase achegar o nome completo de cada unha das persoas participantes, así como un teléfono de contacto.

O día da actividade deberase presentar o código de referencia facilitado por correo electrónico coa formalización da inscrición.

Información detallada en www.espazossonoros.org.

A TÚA COLABORACIÓN É IMPRESCINDIBLE:

Lembra que temos que ser responsables co medio ambiente e co patrimonio visitado.

Antes de participar nas actividades paralelas, asegúrate de que a ruta se adapta ás túas capacidades físicas en función do percorrido e duración. Ás persoas maiores de 75 anos non é posible ofrecerlles seguro de cobertura por accidentes.

Unha vez formalizada a inscrición procura avisar, no caso de non poderes asistir, co fin de deixarlles a túa praza a outras persoas interesadas.

Procura chegar puntual ás diferentes citas.

Lembra que facer fotos ou gravar vídeos pode resultar molesto para os intérpretes e para o resto do público. Por favor, respecta as indicacións que facilite o persoal de produción.

As persoas menores de 18 anos deberán ir acompañadas por un adulto maior de idade que se faga responsable. Non se recomenda a asistencia de menores de 8 anos, excepto que se trate de actividades especificamente deseñadas para esa franxa de idade.

Espazos sonoros

Programa... 2018 >>

www.espazossonoros.org



CONCERTO INAUGURAL

Sábado 1 de setembro >> 20.00 h

IBERIAN CROSSROADS

Patricia Cadaveira Martínez, saxofón alto e soprano

Marcel Pascual Royo, vibráfono

Juanjo Martín Martí, contrabaixo

Carlos Ronda Mas, percusión

Marés evoca o movemento, correntes que se mesturan. Algo que flúe nunha desorde ordenada. Marés é o mar que rodea a península e, ao tempo, a terra que traba o mar, a auga dos ríos que chegan a converterse en océano. Pero tamén é o fluxo e reflujo dos acontecementos. A ocasión artística propicia a razón última do impulso musical, un vaivén arredor do ibérico.

Así se describe a si mesmo este grupo fundado pola galega Patricia e o catalán Marcel, dous músicos que se coñeceron durante a súa etapa académica e formativa en Portugal e que, xuntos, decidiron emprender a súa andaina como músicos profesionais, para centrar o seu traballo na exploración de músicas de influencias diversas. Autores como Falla,

Granados ou Turina mestúranse co flamenco, o jazz o fado ou a canción de autor, ao tempo que afondan tamén nas raíces musicais de Galicia ou Cataluña. Estes repertorios son arranxados polo grupo para unha singular combinación de instrumentos, o saxofón, o vibráfono o contrabaixo e a percusión, o que dá como resultado unha sonoridade cálida e intensa, froito do traballo minucioso da música de cámara combinado coa liberdade que achega o exercicio da improvisación.

Con estes vimbios, Marés convidanos a pasar una tarde-noite a carón das Illas Atlánticas, nunha casa de labranza reconstruída ao xeito do século XIX na que se evocarán melodías, ritmos e tradicións musicais diversas da península Ibérica.

www.maresmusica.wordpress.com

>> Xornada inaugural a carón das Illas Atlánticas

Illa de Sálvora, Ribeira (A Coruña) e O Quinteiro de Temperán, O Grove (Pontevedra)

Sábado 1 de setembro >> 10.00 h

COÑECE O TEU PATRIMONIO

Comezamos o noso percorrido polos Espazos Sonoros, na súa undécima edición, visitando unha das illas menos coñecidas do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, a Illa de Sálvora. A illa está, na actualidade, e despois da xubilación do último fareiro, totalmente despoboadada. Aínda así, consérvanse os restos do antigo poboado coas súas casas, hórreos, a fonte, así coma o faro e a que foi fábrica de salga, reconvertida en pazo polo seu último propietario. A illa é dun grande interese desde o punto de vista das especies endémicas que nela medran e só son posibles visitas restrinxidas e controladas para realizar o percorrido das dúas rutas existentes, a ruta do faro e a do poboado.

A segunda parte da xornada levaranos a terra firme, ao lugar de Temperán, na parroquia de San Vicente do Grove, para visitarmos unha antiga casa labrega do século XVIII restaurada e adaptada para usos etnográficos e culturais, como centro de interpretación para o coñecemento da cultura tradicional do mundo rural galego. Alí teremos oportunidade de participar nun xantar conxunto e de nos achegar á experiencia da vida cotiá nunha casa de arredor de 1800, que ten todos os elementos que a definen, como son a lareira, o cuarto de durmir, a adega, o alboio e o quinteiro, e de participar nos obradoiros relacionados coas actividades típicas que se desenvolvían no rural nesa época do ano: a malla.

Ao final da tarde, e no patio da casa, poderemos desfrutar das evocadoras músicas do conxunto Marés.

Programa da xornada

Ás 10.00 h, encontro no porto do Grove para a saída en barco e rutas pola illa (o prezo da pasaxe, 15 euros e 7 euros para menores de 12 anos, inclúe degustación a bordo de mexillóns, viño, auga e refrescos).

Ás 14.30 h, regreso ao porto do Grove.

Ás 15.00 h, xantar conxunto no Quinteiro de Temperán con produtos da casa, visita ao centro de interpretación da cultura agraria e obradoiros de agricultura tradicional (prezo 15 euros).

Capacidade máxima: 60 persoas

Dificultade: baixa

Inscrición: do 18 ao 29 de agosto, en actividades@espazossonoros.org

Non esquezas:

- _Roupa e calzado cómodo para camiñar
- _Unha gorra e protección para o sol
- _Un impermeable por se chove e roupa de abrigo para o barco
- _Auga, chocolate e unha mazá para o camiño



Sax Antiqua ...///

Campamento romano de Ciadella, Sobrado (A Coruña)

Domingo 2 de setembro >> 19.00 h

SONORIDADES BARROCAS PARA CONXUNTO DE SAXOFÓNS

Pablo de Coupau, saxofón soprano
Antonio Felipe, saxofón soprano
Sara Seoane, saxofón soprano
Israel Bajo, saxofón alto
Irene Rodríguez, saxofón alto
Sergio Díaz-Ropero, saxofón tenor
María Luzuriaga, saxofón tenor
Daniel Durán, saxofón barítono
Alberto García, saxofón barítono

www.saxantiqua.com



Sax Antiqua é un grupo pioneiro pola súa dedicación en exclusiva á interpretación de música barroca arraxada para conxunto de cámara de saxofóns. Integrado por nove saxofonistas profesionais de diversa procedencia, entre os que destaca a galega Sara Seoane, o grupo pretende levar un instrumento moderno, como o saxofón, tradicionalmente asociado á música de jazz, a un ámbito, en principio, alleo como é o da música antiga.

Desde a súa formación en 2003, o grupo vén desenvolvendo un frutífero labor concertístico que os levou por importantes escenarios da península Ibérica e do resto de Europa, con programas nos que abordan repertorios de autores intemporais como Bach, Corelli ou Purcell, que a formación transforma a través dos seus propios arranxos, devolvéndooos logo adobiados con modernas sonoridades, para que poidan ser saboreados por un amplo público.

>> Visita ao campamento romano de Ciadella

Sobrado (A Coruña)

COÑECE O TEU PATRIMONIO

Domingo 2 de setembro >> 17.00 h

Antes do concerto do grupo Sax Antiqua, que terá lugar onde os restos dun dos máis importantes conxuntos arqueolóxicos de época romana dos que se conservan en Galicia, teremos oportunidade de realizar unha visita contextualizadora ao campamento, guiada por expertos técnicos do servizo de Arqueoloxía da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, responsable das escavacións e actuacións arqueolóxicas que se están a levar a cabo neste espazo.

Alí, en Terra de Melide, teremos oportunidade de coñecer de preto os diferentes elementos estruturais dun campamento militar romano, que estivo activo entre os séculos II e IV e que dispuña de todas as dependencias necesarias para o desenvolvemento das tarefas de adestramento militar e da vida diaria dos seus habitantes, desde os soldados de infantaría e cabalería ata os comandos e as súas familias, así como as persoas que desenvolvían diferentes oficios nas ferrerías, curtidoiros ou fornos de pan. Desta maneira, poderemos apreciar e recoñecer de primeira man os diferentes elementos que viron a luz, froito de escavacións levadas a cabo ao longo das últimas décadas, e que retoman o labor desenvolvido nos anos trinta polo historiador e arqueólogo Ángel del Río, o primeiro en apuntar a hipótese de que se trataba dun campamento e non dunha *mansio* viaria.

Hora: 17.00 h

Inscripción: non é precisa inscrición

Capella Sancta Maria ...///

Igrexa de Santa María, Baiona (Pontevedra)

Sábado 8 de setembro >> 20.30 h

TRISTEZAS ME MATAN

Mónica Monteiro, soprano
Sophia Patsi, contralto
João Moreira, tenor
Peter de Laurentiis, tenor
Romein Bockler, barítono
Joel Frederiksen, baixo

Dir. Enrique López-Cortón

Dirixida polo coruñés Enrique López-Cortón e con base en Ámsterdam, a Capella Sancta Maria é un dos conxuntos vocais profesionais europeos máis recoñecidos do momento, que destaca pola súa especialización en música do Renacemento. Composto por un cadro internacional de consagrados cantantes de primeira liña, os seus programas caracterízanse pola súa contribución á revisión e ampliación dos repertorios vocais dos séculos XV e XVI. Capella Sancta Maria ofrece un son cálido e, ao tempo, apaixonado nas súas interpretacións, para lles dar vida a unhas músicas afastadas no tempo, pero próximas na sensibilidade e serenidade que transmiten.

O programa *Tristezas me matan* ilustra o momento no que se introduce o estilo franco-flamengo na península Ibérica, a través da figura do insigne Cristóbal de Morales. O título está tomado dunha das súas primeiras misas, unha peza baseada na canción anónima que lle dá nome, practicamente esquecida, que podería ter neste concerto a súa “reestrea” en tempos modernos. Xunto con pezas de Morales, serán interpretadas obras do seu mestre Josquin de Prés e do seu coetáneo Nicolas Gombert.

www.capellasanctamaria.com

///... Capella Sancta Maria

Igrexa de Santa María, Baiona (Pontevedra)

Sábado, 8 de setembro >> 20.30 h





///... M.Sancho Quartet

Casa Grande de Trasalba, Amoeiro (Ourense)

Sábado, 15 de setembro >> 19.00 h

CANDO AS EMOCIÓN S TRANSCENDEN AS ÉPOCAS

MÚSICA DE CÁMARA PARA CLARINETE E CORDAS

Marta Sancho Andrés, clarinete

Mario Peris Salom, violín

Francisco Javier Escobar Vidal, viola

María Isabel Figueroa Lorenzo, violonchelo

Liderado pola clarinetista e profesora do Conservatorio Profesional de Música de Vigo Marta Sancho e integrado por instrumentistas profesionais e profesores dos conservatorios profesional e superior de música de Vigo, este cuarteto nace coa vontade de difundir a música de cámara, ámbito no que todos os seus membros levan xa máis dunha década traballando a través de formacións como o Trío Erkel, o Trío Kulmann ou o Cuarteto Ephimere.

O programa desta tarde convida o público a realizar unha viaxe no tempo, a emprender unha deliciosa

promenade que o irá conducindo da man das súas propias emocións, para percorrer diferentes obras de distintas épocas, compostas para conxunto de clarinete e cordas, de autores como Emil Hartman, Bernhard H. Crusell, Gloria Rodríguez Gil ou David Cuevas. Ademais, no concerto levarase a cabo a estrea absoluta en España da obra *Clarinet Quartet* de Jeff Smallman. E todo sen perder de vista o contexto no que terá lugar o recital, a casa Grande de Cimadevila, en Trasalba, e a figura de Otero Pedraño. Unha viaxe evocadora e inesquecible que non se pode deixar pasar...

>> Xornada literaria e de lecer arredor da figura de Otero Pedrayo

Casa Grande de Trasalba, Amoeiro (Ourense)

Sábado 15 de setembro >> 11.00 h

COÑECE O TEU PATRIMONIO

“A miña nenez en Trasalba é definitiva; é o contacto co cosmos, coa noite terrible, cos solpores, a chuvia e os cambios de lúa. Que podo dicir de todo isto...?”.

R. Otero Pedrayo

A casa Grande de Cimadevila será o punto de encontro para unha xornada na que celebraremos e compartiremos aquel fondo sentir do Patriarca das letras galegas polos espazos e lembranzas da súa infancia, polo lugar escollido para o seu retiro interior cando foi apartado do seu posto docente, un espazo ao que volve entón para pasar un longo inverno, ler os clásicos e escribir... A nosa xornada comezará cun percorrido literario a través da obra de don Ramón, do que se cumpriron 130 anos do seu nacemento en 2018, que nos guiará polos arredores da casa Grande: o pazo do Campo, o adro da igrexa de San Pedro, os muiños, o penedo Redondo... De volta na casa faremos un xantar conxunto no patio, gozaremos da sobremesa cun paseo polos seus xardíns e, pola tarde, visitaremos os espazos da casa na que viviu o escritor e que inspirou parte da súa obra literaria.

Ademais, durante o noso percorrido pola casa, faremos parada na sala nobre, inzada de recordos persoais de Otero, entre os que destaca un dos mapas orixinais de Fontán que se conservan en Gali-

cia. A paixón do escritor pola xeografía é coñecida e foi a que o levou a opoñer á cátedra de xeografía e historia no instituto de Ourense que hoxe leva o seu nome. Anos despois da súa depuración, logo da contenda civil, obterá a cátedra de xeografía e historia na Universidade de Santiago de Compostela.

Otero Pedrayo tiña, cando menos, dous exemplares do mapa de Fontán, un deles co que agasallou as colectividades galegas de Buenos Aires na súa viaxe de 1947. Aquel “mapa grande” pasou tamén a formar parte do seu universo literario. Da man de Alfonso Vázquez Monxardín, historiador, arqueólogo e profesor de literatura, teremos oportunidade de coñecer, de preto, a figura e o legado do científico galego Domingo Fontán (1788-1866), autor da prezada *Carta xeométrica de Galicia*, ao que este ano se lle dedica o Día da Ciencia en Galicia.

>> Xornada literaria e de lecer arredor da figura de Otero Pedrayo

Casa Grande de Trasalba, Amoeiro (Ourense)

Sábado, 15 de setembro >> 11.00 h

COÑECE O TEU PATRIMONIO

Programa da xornada

11.00 h, encontro na casa Grande de Trasalba (Amoeiro) e percorrido literario pola contorna.

14.00 h, xantar conxunto na casa Grande (opcional).

16.00 h, visita guiada pola casa familiar.

17.30 h, charla sobre Domingo Fontán.

19.00 h, concerto do M. Sancho Quartet.

Capacidade máxima: 50 persoas

Dificultade: media-baixa

Inscripción: do 1 ao 12 de setembro en actividades@espazossonoros.org

Non esquezas:

- _Roupa e calzado cómodo para camiñar
- _Unha gorra e protección para o sol
- _Un impermeable por se chove
- _Auga, chocolate e unha mazá para o camiño

VIVID Consort ...///

San Martiño de Mondoñedo, Foz (Lugo)

Domingo 16 de setembro >> 19.00 h

BITTER FRUIT

UN FEIXE DE MELANCÓLICAS CANCIÓNS
DE AMOR DO RENACEMENTO

Christine Gnigler, frauta de bico e canto
Sheng-Fang Chiu, frauta de bico
Lorina Vallaster, frauta de bico e canto

Músicas de Enrique VIII, Thomas Bateson, Josquin Desprez, Antoine Brumel, Elway Bevin ou William Byrd, entre outros

Esta formación vocal e instrumental está integrada por tres novísimas e virtuosas frautistas unidas por unha paixón, a música antiga, ámbito no que se iniciaron durante os seus estudos na Universidade das Artes e da Música de Viena, da man de mentores do talle de Thomas List ou Michael Posch. O nome do grupo fai referencia a un xeito de interpretar a música limpo, ao tempo que vibrante, brillante, “vívido”. Nos seus programas combinan o seu virtuosismo como frautistas cunhas excelentes calidades vocais e, desde a súa fundación, en 2016, foron quen de cativar un amplo público ao longo do seu país, Austria. Desde entón, o grupo vén actuando regularmente en diversos escenarios, coa exploración de repertorios que abranguen desde a Idade Media

ata o século XXI, especificamente a música vocal e instrumental inglesa do século XVI.

Baixo un título inspirado no simbolismo da froita do limoeiro na arte renacentista (a alegría de vivir, a natureza, a fidelidade e a amargura no amor, a melancolía...), este programa combina sobrecolledoras e agri doces pezas de música profana inglesa e francesa, coas que o grupo pretende amosar toda a beleza, drama e refinamento da polifonía renacentista, con incursións na música do *Quattrocento* italiano.

www.vividconsort.com



©Theresa Pewal

>> Tras as pegadas do mariscal. Visita á fortaleza da Frouseira

Foz (Lugo)

Domingo 16 de setembro >> 15.00 h

COÑECE O TEU PATRIMONIO

Na compañía do historiador Anselmo López Carreira, subiremos ata ao mirador da Frouseira, na parroquia de Santa Cilla do Valadouro, lugar no que resistiu durante tres anos ao asedio dos exércitos dos Reis Católicos o mariscal Pardo de Cela, para achegármolos á figura do mito e a un dos episodios máis relevantes e decisivos da historia de Galicia, acontecido no século XV. A fortaleza de Pena Frouseira, bastión natural case inexpugnable, aséntase sobre un afloramento granítico a unha altura de 429 metros e a súa planta adáptase ás moitas irregularidades do terreo. Aparece mencionada, por vez primeira, nun documento do ano 1156 e sufriu estragos serios durante as revoltas irmandiñas, polo que, tempo despois, será reconstruída. Logo do cruento asedio ao que se viu sometida entre 1480 e 1483 polas tropas reais do gobernador Fernando de Acuña, no proceso de anexión do Reino de Galicia, a fortaleza quedará definitivamente destruída. Os restos que hoxe se conservan son poucos e en moi mal estado, e deles parece deducirse a existencia de tres recintos. Pénsase que o recinto inferior puido servir como corte de cabalos e residencia de

tropas, o do medio probablemente era o patio de armas e o recinto superior, ao que se accede por unha escaleira tallada en pedra, era onde estaba a torre da homenaxe.

A execución do nobre e intereseiro Pero Pardo de Cela en Mondoñedo, en 1483, deu lugar a un cantar, o *Pranto da Frouseira*, e a un romance. Os dous relatan o feito da traizón acontecida, que puxo a Pero Pardo en mans dos seus inimigos. Así comeza a mitificación da Frouseira e do mariscal: de comenciado nobre pasará a converterse en vítima e mesmo en heroe. Será o nacionalismo das Irmandades da Fala, desde 1916, que pretende construír os elementos da identidade da nación galega, quen retome este proceso de idealización da figura de Pardo de Cela e é así que a Frouseira se converte nun lugar de memoria.

Para finalizar a xornada, e antes de escoitar o concerto do VIVID Consort, faremos unha parada na basílica de San Martiño, para percorrela en visita comentada.

>> Tras as pegadas do Mariscal. Visita á fortaleza da Frouseira

Foz (Lugo)

Domingo 16 de setembro >> 15.00 h

COÑECE O TEU PATRIMONIO

Hora e lugar de encontro: 15.00 h, na explanada ao pé do miradoiro da Frouseira, coordenadas: 43.536774, -7.354539

Distancia: 1 km aprox.

Dificultade: media (a distancia é curta, pero o desnivel é acusado e o terreo é irregular)

Inscrición: non é precisa inscrición



>> Obradoiro de achegamento á música antiga

Santa María de Castrelo, Castrelo de Miño (Ourense)

Domingo 23 de setembro

>>15.00 h, visita ao taller de luthería Vaz

>>17.00 h, obradoiro de achegamento á
música antiga

O MUNDO DA LUTHERÍA OU NA BUSCA DOS SONS PERDIDOS

Erea Blanco, instrumentos de tecla

Valentín Novio, corda pulsada

María Giménez, percusión e voz

Pablo Ruibal, corda fretada

Felipe Rodríguez, instrumentos de vento

Modera Andrés Díaz

Unha edición máis, adentrámonos de cheo no mundo da música antiga para observar de preto e gozar daqueles aspectos non sempre visibles nin accesibles durante os concertos aos que asistimos durante o festival. Desta volta, diriximos a ollada cara ao mundo da luthería. A construción de instrumentos musicais constitúe un traballo artesanal de elevada complexidade e especialización, nomeadamente cando se trata de recuperar instrumentos que foron empregados outrora, en épocas máis ou menos distantes no tempo, para a interpretación de música. Existen en museos e coleccións particulares numerosos exemplos de instrumentos antigos que sobreviviron ata os nosos días, violas da gamba, violíns, frautas, claves, pianofortes etc.

Existen tamén, ao longo de todo o mundo, especializados artesáns que dedican o seu traballo á construción e reparación destes instrumentos, para o que empregan técnicas e coñecementos altamente refinados. Tamén en Galicia existe unha crecente industria artesanal dedicada á luthería e á construción de instrumentos antigos e tradicionais, e obradoiros que subministran a músicos de todo o mundo. Precisamente, para achegármolos ao traballo destes artesáns, propomos unha nova xornada na que visitaremos o obradoiro de instrumentos antigos de corda fretada Vaz Música Antiga. Alí poderemos observar moi de preto onde e como traballa un destes artesáns, capaces de converter un anaco de madeira no son máis sublime.

Obradoiro de achegamento á música antiga

Santa María de Castrelo, Castrelo de Miño (Ourense)

Domingo 23 de setembro

>>15.00 h, visita ao taller de luthería Vaz

>>17.00 h, obradoiro de achegamento á música antiga

Na segunda parte da xornada, na igrexa de Santa María de Castrelo de Miño, teremos oportunidade de conversar distendidamente sobre históricas estirpes de construtores (Amati, Stradivari, Steiner...) e sobre as coleccións de instrumentos antigos que se conservan en museos, ao tempo que gozaremos dunha amplísima colección de instrumentos de diferentes familias, procedentes de diversos artesáns e reproducidos a partir de variadas fontes iconográficas, cos que faremos música ao vivo.

Hora e lugar de encontro: 15.00 h, no lugar de Santa María de Astariz, na praciña diante da igrexa

Capacidade máxima: 60 persoas

Inscripción: do 8 ao 19 de setembro, en actividades@espazossonoros.org

Público: para todos os públicos, con ou sen coñecementos de música



KISS OF PEACE

HILDEGARD VON BINGEN: A VISIONARIA E A SÚA OBRA

Sabine Lutzenberg, soprano

Baptiste Romain, fídula medieval e lira de arco

PER-SONAT é un proxecto fundado en 2008 baixo a dirección artística de Sabine Lutzenberg, unha das figuras máis relevantes da actualidade no eido da interpretación vocal de música antiga. Este conxunto está especializado na interpretación e investigación da música medieval e do Renacemento e, xunto coa súa directora, nel participan algúns dos máis destacados protagonistas da escena actual no ámbito da interpretación historicamente informada. A idea fundamental na que centra o seu traballo é a de afrontar os diversos repertorios, bebendo directamente das fontes escritas e poñendo o acento na busca da autenticidade e da perfección, sen perder a viveza e frescura que forman tamén parte esencial destas músicas.

Nesta ocasión, a cantante Sabine Lutzenber actuará canda o virtuoso fidulista Baptiste Romain para abordar a figura de Hildegard von Bingen, unha das personalidades máis complexas e fascinantes do século XII. O programa céntrase no *Symphonia harmoniae caelestium revelationum*, unha colección de 56 cantos para a liturxia e o rezo das horas, conservada no *Codex Dendermonde*, que probablemente foi un agasallo da propia Hildegard ao mosteiro cisterciense de Villers-la-Ville, na actual Bélxica.

www.per-sonat.de



>> Roteiro polo patrimonio arqueolóxico, xeolóxico e industrial do Incio (Lugo)

O Incio

Domingo 30 de setembro >> 12.00 h

COÑECE O TEU PATRIMONIO

A xornada comezará de mañá para percorrer diferentes elementos do rico e descoñecido patrimonio arqueolóxico da zona. O percorrido sairá da aldea de Bermún, situada sobre o castro que leva o seu nome. Alí visitaremos a cova de Bermún, ao carón mesmo da aldea, e percorrерemos uns catro kilómetros ata o castro defensivo de Formigueiros, un asentamento da Idade de Ferro que foi escavado recentemente e no que se atoparon varias inscricións sobre lousas de xisto de grande interese. De camiño ao castro, pola crista das serras de Bistilleiro e Santa Mariña, visitaremos uns petróglifos, unha necrópole megalítica coas súas mámoas e unha capela en ruínas. De volta baixaremos cara ao río Mao, para facer unha paradiña e tomar un refrixerio.

Pola tarde, desprazáremosnos ata A Ferrería, un pequeno lugar no que existiu unha antiga industria

siderúrxica artesanal –a que deu lugar ao topónimo–, unha zona na que son abundosas as vetas do mineral de ferro, orixe, á súa vez, da presenza na contorna de augas ferruxinosas. De feito, tense constancia, xa desde o século XVI, da existencia dun manancial pertencente á Orde de San Xoán de Xerusalén. Para aproveitar as augas medicinais, a fins do XIX, construíuse no lugar un balneario, que permanece en estado ruinoso. Ao longo da visita achegarémonos ao significado e función das antigas ferrerías, á importancia do mineral de ferro en Galicia e ao proceso de obtención do ferro a partir dos minerais máis abundosos nesta zona, o hematites e a goethita, este último intimamente relacionado coa figura de Goethe, pois foi o minero alemán Johann Georg Lenz o que lle puxo ese nome ao mineral, en 1806, en lembranza do escritor e xeocientífico.

>> Roteiro polo patrimonio arqueolóxico, xeolóxico e industrial do Incio (Lugo)

O Incio

Domingo 30 de setembro >> 12.00 h

COÑECE O TEU PATRIMONIO

Programa da xornada

Mañá: saída ás 12.00 h da aldea de Bermún e roteiro polo patrimonio arqueolóxico.

Tarde: saída ás 16.00 h cara á Ferrería (traxecto nos vehículos particulares) e pequeno roteiro de aproximación aos usos do ferro en Galicia.

Ás 19.00 h, concerto na igrexa de San Pedro Fiz do Hospital.

Hora e lugar de encontro: 12.00 h, na aldea de Bermún

Duración: 4 horas aprox. (inclúe unha pequena parada para tomar un refrixerio)

Distancia: 10 km aprox.

Dificultade: media-baixa (todo o percorrido é por estrada ou pistas de terra)

Capacidade máxima: 60 persoas

Inscrición: do 15 ao 26 de setembro, en actividades@espazossonoros.org

Non esquezas:

- _ Calzado cómodo para camiñar
- _ Unha gorra para o sol e un impermeable por se chove
- _ Un pequeno refrixerio e bebida para o xantar
- _ Auga, chocolate e unha mazá para o camiño

Romanza ...///

San Xiao de Moraime, Muxía (A Coruña)

Domingo 7 de outubro >> 19.00 h

CONCERTO DE CLAUSURA

LUZ E DÍA

ALBAS E CANTIGAS NA TRADICIÓN LÍRICA
OCCITANA E GALEGO-PORTUGUESA

Luciana Cueto, voz
Catalina Vicens, órgano portativo
Manuel Vilas, arpa

Este conxunto de recente formación, Romanza, propón un programa que ten como protagonistas os sons sutís e refinados da arpa e do órgano portativo, que se entrelazan coa voz humana para transportar a audiencia ás sonoridades e á estética do medievo. A historia de dous amantes que deben separarse coa luz da alba, a dunha muller que lles implora ás ondas do mar de Vigo que lle devolvan o seu namorado, unha historia de amor cortés que ten a Virxe María como protagonista, un diálogo entre o ceo e a terra, entre o sagrado e as paixóns humanas. O punto de partida será o repertorio das sete cantigas de amigo de Martín Códax, recollidas no *Pergamiño Vindel*, que viaxou en 2017 a Galicia procedente de Nova York. O manuscrito exhibiuse por vez primeira na mostra *Pergamiño Vindel. Un tesouro en sete cantigas*, que se puido visitar entre outubro de 2017 e marzo de 2018 no Museo do Mar de Galicia, en Vigo. Neste percorrido polas cantigas codacianas tamén se realizará un achegamento á lírica trobadoresca occitana e ás

Cantigas de Santa María da lírica galego-portuguesa, unha das coleccións de cancións monofónicas máis importantes da literatura medieval occidental, compostas baixo o mecenado do rei Afonso X o Sabio.

Composto por tres experimentadas e prestixiosas personalidades da música antiga –entre elas, o internacionalmente recoñecido arpista galego Manuel Vilas–, este conxunto vocal e instrumental preséntase coa intención de explorar os repertorios da música medieval peninsular e occitana, ademais de realizar incursións en repertorios máis tardíos, como a chamada “chanson” borgoñesa ou os vilancicos renacentistas. No seu traballo buscan rescatar unhas sonoridades históricas xa esquecidas, para o que empregan réplicas de instrumentos orixinais coas que recrean sons transparentes e puros, ao que suman as súas diferentes experiencias creativas e estéticas, co fin de construír unha linguaxe común caracterizada pola introspección e a elegancia.

///... Romanza

San Xiao de Moraime, Muxía (A Coruña)

Domingo 7 de outubro >> 19.00 h

CONCERTO DE CLAUSURA



>> Ruta dos muíños

Muxía (A Coruña)

Domingo 7 de outubro >> 12.00 h

COÑECE O TEU PATRIMONIO

Para a xornada de clausura, e como aperitivo do concerto que terá lugar na igrexa de San Xiao de Moraime, propomos unha ruta circular que ten como punto de partida e chegada esta mesma igrexa, unha edificación que outrora formou parte dun mosteiro fundado arredor do século X e que foi o centro económico e cultural que daría lugar ao nacemento da vila de Muxía.

Desde alí baixaremos polo Camiño de Santiago ata ao paseo dos muíños do río Negro, que lle dan nome á ruta. Logo de atravesar a praia de Area Maior, continuaremos subindo cara ao lugar de Chorente, onde se atopa a capela de San Roque. Antigamente, practicábase nela o rito de “cambio de tella” para favorecer que virase o vento e que os mariñeiros puidesen volver a terra. Durante o percorrido pasaremos tamén pola vila de Muxía e teremos oportunidade de facer parada no santuario da Nosa Señora da Barca, de pasar ao carón dos secadoiros de congro e de percorrer o pequeno núcleo de Figueiras de Abaixo, formado por construcións que manteñen a súa fisionomía orixinal con cadanseu cabazo ao carón.

De volta a Moraime poderemos visitar a igrexa, para contemplar e comentar as impresionantes

pinturas murais que foron, recentemente, obxecto de restauración. Ambientarémonos, así, para a escoita do concerto de música medieval que ofrecerá Romanza.

Hora e lugar de encontro: 12.00 h, no adro da igrexa de San Xiao de Moraime

Duración: 4,5 horas aprox. (con parada para tomar un pequeno refrixerio)

Distancia: 11,5 km aprox.

Dificultade: media

Capacidade máxima: 60 persoas

Inscripción: do 22 de setembro ao 3 de outubro, en actividades@espazossonoros.org

Non esquezas:

- _Roupa e calzado cómodo para camiñar
- _Unha gorra e protección para o sol
- _Un impermeable por se chove
- _Un pequeno refrixerio e bebida para o xantar
- _Auga, chocolate e unha mazá para o camiño





Espazos sonoros

Espazos... 2018 >>

www.espazossonoros.org

Illa de Sálvora

Ribeira (A Coruña)

Sábado 1 de setembro,

Coñece o teu patrimonio: ás 10.00 h, xornada a carón das Illas Atlánticas

CONCERTO INAUGURAL 20.00 h >> Marés

O Quinteiro de Temperán, O Grove (Pontevedra)

Pertencente ao concello de Ribeira, esta illa forma parte do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas e constitúe o elemento con máis entidade dun arquipélago que pecha a entrada da ría de Arousa. A illa foi cedida por Afonso II O Casto ao cabido de Santiago, en doazón confirmada en 911 por Ordoño II ao bispo Sisnando. Pola súa localización, a illa foi obxecto de ataques e de ocupación por parte de piratas sarracenos e normandos, que trataban de entrar en Galicia pola ría de Arousa. A illa foille cedida posteriormente pola Igrexa á familia Fandiño Mariño e, xa no século XVI, formaba parte do morgado da casa de Goyanes, data a partir da cal os veciños de Carreira, parroquia pertencente a Ribeira, a foron ocupando para aprobeitala como terra de cultivo.

Co auxe pesqueiro e comercial dos séculos XVII e XVIII, en 1770 construíuse unha fábrica de secado e salga de peixe, a primeira de Galicia e, anos máis tarde, unha peixería de atún, que xerou preitos coa veciñanza da parroquia de Carreira, a cal, froito desta concesión, quedaba practicamente sen posibilidade de pescar nesas augas. Sería durante o século XIX cando, debido ás dificultades económicas dos habitantes de Carreira, algunha xente se desprazou novamente á illa para traballar nas explotacións agrícolas e gandeiras. Como resultado deste

asentamento consolídase unha pequena aldea con oito casas, un forno, una praza e dúas fontes de auga potable. Na illa destacan elementos como o peirao para o acceso das embarcacións, o faro e o complexo do pazo, formado por dous edificios, a vivenda e a capela, que fora antiga taberna.

Cara ao norte da illa atópase o poboado, que estivo habitado ata os anos setenta, coas súas edificacións aínda en pé. Nos anos sesenta do século XX, a familia Otero Goyanes transformará as instalacións da fábrica de salga en pazo e mandará reconstruír a vella fonte da Telleira, para o que se aproveitarán os banzos da que fora a escaleira de caracol do faro. O faro actual, de 1921, substituíu outro anterior de 1852 e estivo habitado ata 2017. En 1921, Sálvora viviu unha das maiores traxedias marítimas, o naufraxio do vapor de pasaxes Santa Isabel, que facía a ruta de Bilbao a Cádiz con parada en Vilagarcía de Arousa. Grazas á axuda das mulleres do poboado e do fareiro, puidéronse salvar as vidas dalgúns náufragos, se ben a maior parte da pasaxe non sobreviviu.

As illas posúen un fondo mariño cunha gran biodiversidade e a vexetación está caracterizada pola matogueira, da que sobresaen as características bólas graníticas. Sálvora atesoura moitas das xoias

animais e vexetais do parque nacional, entre as que destacan especies únicas, como as colonias de gai-vota escura, o lagarto de Sálvora, algunha das escasas poboacións mundiais de certas plantas, como a xesta insular e a linaria arenaria, ou os paxariños amarelos, especie existente apenas en escasos puntos da costa francesa e en tres puntos da costa galega, considerada en perigo crítico no ámbito mundial.

O Goberno de España adquiriu Sálvora en 2007 e a titularidade foille transferida á Xunta de Galicia en 2008. A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural realizou en 2016 un estudo sobre as solucións construtivas características da arquitectura tradicional da illa. O arquipélago de Sálvora foi declarado ben de interese cultural coa categoría de paisaxe cultural en 2018.



Campamento romano de Ciadella

Sobrado, A Coruña

Domingo 2 de setembro, 19.00 h >> Sax Antiqua

Coñece o teu patrimonio: ás 17.00 h, visita contextualizadora

Este xacemento arqueolóxico está situado ao lado da igrexa parroquial de Santa María de Cidadela, en Sobrado, nun altiplano de 500 metros de altura, que linda ao oeste co río Cabalar e ao sueste co río Pequeno. Deuse a coñecer para a historiografía a comezos do século XX da man dos traballos do erudito padre García Romero, que o identificou como mansión viaria, se ben semella que, xa con anterioridade, houbo actividades extractivas na zona. Nos anos trinta, o historiador e arqueólogo Ángel del Castillo retoma as campañas de escavación e é el o primeiro en suxerir que podería tratarse dun campamento romano con fins puramente militares e non dunha *mansio*, ou paradas oficiais do sistema viario romano. O campamento non se vai escavar de maneira sistemática ata os anos oitenta do século pasado e os traballos continúan na actualidade. O conxunto resulta fundamental para o coñecemento da presenza militar romana no noroeste peninsular e do poboamento do rural galego no período xermánico e altomedieval.

O xacemento data do século II e a súa funcionalidade responde a motivos estratéxicos e militares, pois a súa localización permitía controlar o paso da zona costeira cara ao interior, a través da vía que

unía Brigantium con Lucus Augusti. Pola súa extensión resulta axeitado para albergar no seu interior unha cohorte, unidade militar duns 500 homes con persoal de infantaría e cabalería. Grazas ás tellas con marcas lexionarias atopadas nel, sábese que a unidade que estaba destinada alí era a *cohors I celtiberorum equitata civium romanorum*, pertencente á *Legio VII*, acantoadada en León.

De forma rectangular con esquinas arredondadas, o conxunto estaba protexido por unha muralla, foxo e torres de reforzamento. Tiña catro portas monumentais de dobre arco das que non quedan restos, pois os seus perpiaños de granito foron reutilizados en épocas posteriores para construcións na zona. Dentro del distínguense varios edificios, o *principia* ou cuartel xeral, un edificio administrativo e de carácter relixioso no que se situaba o *aedes*, que era onde se practicaba o culto imperial e se gardaban os símbolos da unidade militar, e o *praetorio*, que era a casa do xefe da gornición. Outros edificios que deberon de compoñer o asentamento eran os *horrea* ou graneiros, o hospital, os barracóns de soldados, os edificios de obradoiros e as cortes dos cabalos. En recentes traballos de escavación atopáronse restos de dous fornos pegados a un dos muros.

Campamento romano de Ciadella

Sobrado, A Coruña

O asentamento foi abandonado no século IV, cando a unidade militar foi trasladada a Iuliobriga (Cantabria). Logo reocupouno no século VII unha comunidade probablemente de tipo relixioso, como parece indicar o achado de restos dunha igrexa de planta rectangular e unha tumba. Parte das pezas atopadas nas sucesivas escavacións están expostas de xeito permanente no Museo Arqueolóxico e Histórico - Castelo de Santo Antón, na cidade da Coruña.

A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia promoveu en 2017, co cofinanciamento de fondos Feder, actuacións de escavación e consolidación arqueolóxica do xacemento, ás que está previsto darlles continuidade. Este ano leváronse a cabo actuacións de rehabilitación da caseta-almacén, dos valados e dos peches do campamento, así como de mellora da accesibilidade e desmontaxe da malla espacial que cobre o campamento.



Igrexa de Santa María

Baiona (Pontevedra)

Sábado 8 de setembro, 20.30 h >> Capella Sancta Maria

A igrexa de Santa María de Baiona é un templo, de aspecto fortificado, de tres naves rematadas en ábsidas rectangulares, tipoloxía non moi frecuente. Pertence ao estilo románico de transición, oxival, e edificouse no século XIII, aínda que parece que, nese mesmo lugar, había xa, no século XII, un templo que, por un privilexio de 1137 de Afonso VI, pasou a depender do mosteiro de Santa María de Oia, pertencente este á orde do Cister. A este feito pódese deber a similitude que garda a nave principal da igrexa coa de Oia. A fachada occidental dispón de dous potentes contrafortes que enmarcan un rosetón e a porta, que ten tres pares de columnas, coas súas arquivoltas, e un tímpano liso. No seu interior, a planta é basilical con tres naves de seis tramos -a central de maiores dimensións-, cubertas con bóveda de canón apuntada. Nas naves reconstruíuse o teito de madeira.

Durante máis de catro séculos, a igrexa tivo o rango de colexiata. Fora instituída como tal por Diego de Muros, bispo de Tui, en 1482, e así perdurou ata o Concordato de 1851, que suprimiu todas as colexiatas, agás algunhas singulares (como a de Covadonga ou Roncesvalles), e aquelas situadas en capitais de provincia que non tiñan unha sé episcopal, como sucedeu en Galicia coa da Coruña. Na

súa nova función como colexiata, a música cobrou unha certa relevancia. O padre Flórez, no tomo XXIII da súa famosa *España sagrada*, recolle que, das 11 racións que tiña, nove eran ordinarias pero as outras dúas, que se obtiñan por oposición, estaban reservadas para un organista e un cantor. Ademais, a colexiata contaba tamén con catro nenos de coro. Boa proba desa intensa vida musical é que temos constancia de que, nunha data moi temperá, 1515, había xa na colexiata un órgano construído por Juan de Entenza, organeiro que nesas datas estaba a construír outro para a catedral de Tui. Con posterioridade, en 1791, o organeiro compostelán José Benito González de Seixas fará un novo, que será o que sobreviva ata o século XX, cando o órgano e mais o coro coas súas reixas foron retirados da nave central.

Xunto co levantamento planimétrico 3D, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural levou a cabo, en 2017, a redacción do proxecto de restauración da igrexa, que contempla diversas actuacións de mellora, como a reparación da totalidade da cuberta e reparacións puntuais na súa estrutura de madeira, a supresión de humidades nos paramentos interiores e renovación de revocaduras, a reparación das vidreiras e a limpeza e rexuntado da pedra das fachadas.



Casa Grande de Trasalba

Amoeiro (Ourense)

Sábado 15 de setembro, 19.00 h >> M.Sancho Quartet

Coñece o teu patrimonio: ás 11.00 h, xornada literaria e de lecer arredor da figura de Otero Pedrayo

Coñecida como a casa Grande de Trasalba, a sede da Fundación Otero Pedrayo e da Casa Museo de Ramón Otero Pedrayo sitúase no lugar de Cimadevila, na parroquia de Trasalba, nos confíns dos Chaos de Amoeiro, na bocarribeira sobre os ríos Barbantiño e Miño. Nela viviu o que fora profesor de bacharelato e máis tarde de universidade, polígrafo, orador, escritor de diversos xéneros literarios, galeguista desde a súa mocidade, presidente do Seminario de Estudos Galegos e membro fundador do Instituto Padre Sarmiento, o coñecido como Patriarca das letras galegas, don Ramón Otero Pedrayo. Nesta casa pasou Otero Pedrayo longas tempadas desde neno e nela rematou e asinou numerosas obras, ademais de ser evidente a pegada que o vínculo entre o escritor e estas terras, e coa casa mesma, deixou nos seus escritos. Aquí retirárase o intelectual no seu exilio interior, unha vez depurado da súa cátedra do Instituto de Ourense, logo da contenda civil.

O conxunto consta de diferentes construcións adxectivas canda unha vivenda principal e doutros elementos, como unha fonte, un hórreo, o tanque da auga, a adega, o paseo baixo as videiras con bancos de pedra e unha grande extensión de xardín con diferentes especies de árbores, soutos e decorativos buxos. A casa consérvase tal cal estaba en vida de don Ramón, coa súa cociña, o baño, a sala comedor, a sala nobre, o despacho e os dormitorios. A entrada ao conxunto faise por un portal, enmarcado nun

muro de pedra que rodea a casa e que dá a un patio. Nel consta unha inscrición nun perpiaño de granito co ano de fundación, 1764.

A casa principal é un edificio longo feito en pedra con perpiaños de granito ao que se accede pola banda norte, fachada ao longo da cal se desenvolve un corredor con varanda de madeira, deseñado por Castela, grande amigo de Otero Pedrayo, e que remata en galería acristalada. Na cara sur da vivenda está a solaina de pedra, pola que tamén se descende ao xardín, e desde onde se pode ollar, no horizonte, a paisaxe máis íntima do escritor, as siluetas da serra do Lebreiro e da pena Gacha, que fan linde con Portugal, o couto de Novella, o castro de San Trocado ou a Cidá.

Dentro da casa destaca a presenza, na sala nobre, dun orixinal da *Carta geométrica de Galicia*, elaborada polo matemático e xeógrafo galego Domingo Fontán en 1834, científico ao que se lle dedica este ano o Día da Ciencia en Galicia. Sobre el e sobre a relación do mapa con Otero falaremos tamén ao longo desta xornada.

A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia iniciou en 2017 a elaboración dun proxecto director para analizar de forma integral o conxunto da casa Grande de Cimadevila desde as perspectivas gráfica, fitolóxica, arquitectónica e cultural.



San Martiño de Mondoñedo

Foz (Lugo)

Domingo 16 de setembro, 19.00 h >> VIVID Consort

Coñece o teu patrimonio: ás 15.00 h, tras as pegadas do mariscal

A basílica de San Martiño de Mondoñedo atópase en terras da Mariña lucense, no concello de Foz. Estamos a falar dunha das máis interesantes construcións alto-medievais galegas, tanto no referente á súa historia, pois está considerada a catedral máis antiga de España, como á riqueza artística que agochan os seus muros.

As súas orixes remóntannos ao século VI, cando os cristiáns bretóns, que fuxían dos anglo-saxóns, alcanzan a costa lucense e fundan unha primeira sé episcopal, Bretoña. A igrexa bretoñesa, de carácter monacal, tiña á fronte das comunidades un bispo que era dirixente político e relixioso. Esta sé descríbese no *Parrochiale suevum* como un conxunto de igrexas dispersas no territorio doutras dioceses, pero exentas da súa xurisdición. Tempo despois, no ano 866, a causa da invasión musulmá, o bispado de Dumio (actual Braga) ten que deixar a súa sé e procura acubillo en Menduniato, lugar que agora ocupa a basílica. Alfonso III crea unha nova sé episcopal en San Martiño de Mondoñedo e posteriormente dóalle ao bispo algúns territorios. O primeiro bispo desta nova sé episcopal foi Sabarico, ao que sucederon personaxes tan relevantes como San Rosendo, fundador do mosteiro de Celanova.

En 1112, no tempo da raíña Urraca, a sé de San Martiño é trasladada cara ao interior –talvez como medida preventiva ante posibles ataques pola costa–, ata ao lugar de Vilamaior do Val de Brea ou Valibria. En lembranza do episcopado primitivo, mudará o seu nome en Mondoñedo. Despois do seu episcopado, cóngos regulares de Santo Agostiño pasaron a ocupar o espazo ata finais do século XV, momento no que foron substituídos por frades franciscanos, que permanecerían alí ata o século XVII.

O estilo da basílica de San Martiño de Mondoñedo encádrase no chamado románico lombardo catalán, en contraposición ao estilo románico máis común do noroeste peninsular, o borgoñón ou francés. Foi construída con pedra de cachotería de lousa e cadeirado granítico entre os séculos IX e XII, presumiblemente sobre un mosteiro fundado con anterioridade. De planta basilical, está estruturada en tres naves de cruceiro e tres ábsidas semicirculares. Presenta unha fachada con porta de arco abucinado de medio punto con catro columnas, dúas delas da igrexa prerrománica, e tímpano tallado cun crismón e año con cruz. No lateral dereito figura unha torre con campanario de dous corpos, un do século XV e a cúpula, do século XVIII. No exterior, ao

longo da cornixa, destacan numerosos canzorros figurados, entre os que se contan diversas figuras que representan de maneira explícita o pecado da luxuria. No interior achamos capiteis historiados de grande interese, como a escena que representa a degolación do Bautista ou o capitel que narra a historia do rico Epulón e o pobre Lázaro, e o coñecido antependio, retablo pétreo situado no altar maior, no que se representa o tema da *Maiestas Domini*. Na cabeceira e nas ábsidas laterais, no muro da nave dereita e no ciborio, consérvanse importantes pinturas de diferentes épocas, desde o románico ata o século XVI, mentres que as do ciborio datan do século XIX. Na reforma da igrexa, en 1886, reforzáronse as ábsidas cuns contrafortes que lle dan o actual aspecto de fortaleza.

A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia acometeu en 2017 obras de conservación e acondicionamento na reitoral, xunto co desenvolvemento da museografía para a posta en marcha do centro de interpretación de San Martiño de Mondoñedo.



Igrexa de Santa María

Castrelo de Miño (Ourense)

Domingo 23 de setembro, 17.00 h >> Obradoiro de achegamento á música antiga

Coñece o teu patrimonio: ás 15.00 h, visita ao taller de luthería de Ismael Vaz

Nun outeiro, dominando o paso do río Miño, atópase a igrexa de Santa María de Castrelo. A súa orixe parece remontarse a un mosteiro dúplice, chamado *castrellum*, existente nese mesmo lugar xa na Alta Idade Media. Amais diso, non está totalmente claro se neste emprazamento, certamente privilexiado, se atopaba tamén o castelo de Castro Minei, que controlaba tanto as rutas entre Compostela e Portugal coma entre Ourense e os portos de Pontevedra e Vigo.

Cara ao ano 947, o mosteiro era xa só feminino e tivo, no cambio de milenio, certa relevancia nalgúns acontecementos da historia de Galicia. Nel retirouse a raíña Goto, viúva do rei de Galicia Sancho Ordóñez, e tanto ela, finada no ano 967, coma o propio rei, que morrera en 929, foron soterrados neste mosteiro. Por semellantes datas sucederían neste mesmo lugar outros acontecementos relevantes. A *Crónica de Sampiro*, bispo que foi de Astorga, sitúa o envelenamento do rei de León e Galicia, Sancho I o Craso, neste mesmo lugar, no ano 966. A dita crónica conta que un conde de orixe galega, chamado Gundisalvus (é dicir, Gonzalo, mais non está totalmente claro de quen pode tratarse), ofreceu no mosteiro a mazá envelenada que lle traería a morte ao rei. Tamén, e se aceptamos a hipótese de que o castelo de Castro Minei se atopaba neste outeiro, sucedería aquí o episodio da traizón e apresamento,

a mans de Airas Pérez, do bispo Xelmírez, da condessa de Traba, e mais do seu protexido e herdeiro da coroa de Galicia, Afonso Reimóndez, o futuro Afonso VII. O fillo de dona Urraca contaba daquela con 6 anos e, debido á forte influencia sobre el do poderoso conde de Traba, suscitou os receos de boa parte da nobreza galega e mesmo da súa propia nai, que desembocaron nunha guerra civil que remataría neste lugar. A pesar destes feitos, Afonso Reimóndez sería finalmente coroado, nese mesmo ano de 1111, por Xelmírez, na catedral de Santiago de Compostela.

O edificio da igrexa só conserva da época medieval a ábsida, ricamente decorada, e mais a torre. A nave viuse seriamente afectada polo terremoto de Lisboa, do ano 1755, e foi reconstruída no ano 1763, a cargo da propia fábrica da igrexa, cando era prior Manuel Regueira e Guerrero. Na súa parte interior, a ábsida conserva unhas interesantes pinturas da segunda metade do século XVI, con escenas do Xuízo Final. A pesar da súa inxenuidade, presentan unha forte carga simbólica, o que dificulta a súa interpretación. As cartelas, non sempre presentes neste tipo de pinturas, axudan a identificar determinados personaxes (David, Moisés, Pedro e Miguel), os pecados capitais (avaricia, luxuria, ira e preguiza) ou mesmo temas ou ideas como as de “mudo”, “carne” ou “cunciencia” (sic).



Igrexa de San Pedro Fiz do Hospital

O Incio (Lugo)

Domingo 30 de setembro, 19.00 h >> PER-SONAT

Coñece o teu patrimonio: ás 12.00 h, roteiro polo patrimonio arqueolóxico, xeolóxico e industrial do Incio

De entre todos os monumentos medievais que agroman ao longo do Camiño de Santiago en terras galegas, hai un que destaca especialmente pola súa singularidade e beleza. Trátase da igrexa románica de San Pedro Fiz, situada na parroquia lucense do Hospital do Incio, na comarca de Sarria. Esas características, singularidade e beleza, véñenlle dadas porque na súa construción foron empregados perpiños de pedra caliza e mármore azul, extraídos das canteiras dos arredores, aínda que o engado que rodea a este monumento proveña tamén, seguramente, daquela lenda segundo a cal foi rematado polo demo nun só día.


O templo, que se remonta ao século XII, érguese sobre unha cuíña á beira do río Cabe e sábese que facía parte dun poderoso conxunto, composto polo referido templo, unha fortaleza, unha pousada e un hospital para xente necesitada e peregrinos. O conxunto pertencía á orde do Hospital de San Xoán de Xerusalén e era unha das sete encomendas desa orde en Galicia. Orixinalmente, a igrexa dispuña de dúas torres defensivas, das que soamente se conserva unha, reconvertida logo en campanario e situada algo separadamente da nave da igrexa. Ao parecer, os perpiños desa segunda torre foron empregados para erguer o panteón dunha das máis importantes familias nobres galegas, os Quiroga.

A fachada principal, orientada ao oeste, dispón de oito columnas con sinxelos enfeites vexetais nos

linteis e nela aparece unha cruz de Malta coroada, símbolo da orde Hospitalaria de San Xoán. Igualmente, no tímpano da outra portada, orientada cara ao sur e de dúas arquivoltas, aparece outra representación austera da cruz de Malta.

A planta da nave é rectangular con presbiterio e ábsida poligonal. Está dividida en tres tramos mediante dous pares de pilastras con semicolumnas pegadas, posiblemente para sustento de arcos faixóns e dunha bóveda que non foi construída. No seu lugar, cobre a nave un teito de madeira a dobre vertente. Algúns dos capiteis das columnas presentan decoración de tipo zoomórfico.

Os muros da igrexa son grosos. Na parte sur hai unha porta e dúas xanelas grandes, e na parte norte achamos un sepulcro do século XV, concretamente de frei Álvaro de Quiroga, comendador do priorado de San Xoán de Portomarín. Tamén este sepulcro está rodeado por outra lenda, que agoira o derrubamento da igrexa o día que se alzar a súa tapa. En canto á iconografía interior, cómpre destacar a talla de Cristo crucificado de catro cravos, de finais do século XIII, e unha imaxe da Virxe María dándolle leite ao Neno Xesús. Durante un proceso de restauración da igrexa que se levou a cabo en 1986, achouse, entre os cascallos do presbiterio, unha peza esculpida coa efixie de Cristo crucificado, con dous rostros por riba dos brazos que representan o Sol e mais a Lúa, e dúas figuras aos seus pés.



San Xiao de Moraime

Muxía (A Coruña)

Domingo 7 de outubro, 19.00 h >> Romanza

Coñece o teu patrimonio: ás 12.00 h, ruta dos muíños

CONCERTO DE CLAUSURA

Xunto á ría de Camariñas, no concello de Muxía, erguíase o único mosteiro histórico da Costa da Morte, San Xiao de Moraime, cuxas primeiras fontes documentais se remontan ao século XI. No entanto, a historia do lugar podería retrotraernos a épocas mesmo anteriores, porque nas súas proximidades se atoparon restos dunha necrópole romana ou visigótica. A comezos do século XII, o lugar sufriu ataques normandos e almorábides e a partir do 1119 comeza a construción do templo románico que hoxe coñecemos. A orixe de Muxía (o propio nome da vila deriva do termo “monxía”, terra de monxes) está directamente relacionada con este cenobio beneditino, como o está tamén o famoso santuario da Virxe da Barca, xa que os monxes evangelizaron ese lugar onde aínda sobrevivían rituais pagáns relacionados coas rochas.

Afonso VII pasaría varios anos da súa infancia no mosteiro e é por iso que este contaría despois co favor do rei e dos seus sucesores. A importancia do lugar, primeiro vinculado ao poder medieval dos condes de Traba e logo ao priorado de San Martiño Pinario, mantívose ata ao século XV. Nos séculos XVI e XVII foi asaltado por piratas ingleses, o que provocou o seu abandono e a conversión do templo en igrexa parroquial, así como dunha parte do conxunto monástico en casa reitoral durante o século XVIII.

A igrexa que chegou ata os nosos días, xunto coa súa casa reitoral e o seu camposanto, conforman un conxunto moi significativo dentro do estilo románico rural de Galicia. A planta do templo é basilical, dividida en tres naves e tres ábsidas. A fachada principal, cunha rica ornamentación simbólica, está dividida en tres corpos separados por contrafortes, con dous rosetóns entre cada un deles. Aos lados desa fachada álzanse dúas torres con campanario. Nas fachadas oeste, leste e sur da igrexa están previstas actuacións de conservación. A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural realizou o proxecto básico e de execución das obras para licitar este ano.

A portada presenta tripla arquivolta de medio punto, que se decora con figuras; a maior presídea a figura de Cristo e a intermedia decórase con 15 músicos. O interior da igrexa, sombrizo e semisoterrado, transmite especialmente a sensación de recollemento do espazo, case ao xeito dunha catacumba. A porta lateral orientada ao sur é máis diáfana e presenta fermosos capiteis, cunha escena que lembra á Última Cea no tímpano exterior e cun Agnus Dei no reverso interior.

As pinturas do muro norte foron recentemente restauradas pola Xunta de Galicia, o que permitiu datalas no século XVI. Estas representan os sete pecados capitais e as súas virtudes contrapostas,

San Xiao de Moraime

Muxía (A Coruña)


discurso que se abre coa cruz e se pecha coa representación da morte como un arqueiro, é dicir, a representación do tema da *psychomachia* ou batalla da alma entre pecados e virtudes. Na parte

esquerda da entrada atopamos unhas interesantes laudas sepulcrais, feito que agranda aínda máis o valor de San Xiao de Moraime, unha verdadeira alfaia do románico galego.





Empresas e entidades colaboradoras... >>





D. PEDRO
D SOUTOMAIOR
A L B A R I Ñ O
“VOLVE A LENDA”

 VINO-ORIENTADOS.COM
BOUTIQUE VINICOLA





Centro de Formación de
Tecnoloxías Apple



Authorised
Training Centre



ACME Galicia é o centro de formación Autorizado Apple onde podes realizar todo tipo de cursos sobre informática e novas tecnoloxías, nomeadamente de **iPhone, iPad e Mac**.

Ademais está dispoñíbel unha **programación anual de Masters e Cursos de deseño gráfico, web, ilustración, fotografía, vídeo, animación, son e imaxe corporativa** que che permitirán acadar un nivel profesional no ámbito creativo e publicitario.



Colaboran... >>



CONCELLO
DE BAIONA



CONCELLO
DE FOZ



CONCELLO
DO INCIO



CONCELLO
DE MUXÍA



CONCELLO
DE SOBRADO



CONCELLO DE
CASTRELO DE MIÑO



Proxecto distinguido co certificado



E tamén o noso agradecemento a...

- > Rubén Budiño Carreira, párroco de Santa María de Cidadela
- > Miguel Estalote Gómez, párroco de Santa María de Mezonzo
- > José Luis González Regueiro, párroco de San Pedro Fiz do Hospital
- > Ramón Insua Lobelos, párroco de San Xiao de Moraime
- > Manuel Salcidos González, párroco de Santa María de Baiona
- > Antonio Valín Valdés, párroco de San Martiño de Foz
- > Benito Vázquez García, párroco de Santa María de Castrelo de Miño
- > Xosé Ameixeiras Lavandeira, xornalista
- > Ana María González Noya e Marcelino Maneiro Maneiro, grupo de innovación docente en didáctica e divulgación científica Ciencia NOSA
- > Anselmo López Carreira, historiador
- > Xabier Moure Salgado, Colectivo Patrimonio dos Ancares
- > Roberto Carlos Pena Puentes, arqueólogo
- > Ismael Vaz Varela, luthier
- > Alfonso Vázquez Monxardín, historiador e arqueólogo
- > María Aurora Vide, responsable do balneario da Ferrería do Incio

**Espazos
sonoros**

galicia
o bo camiño



XUNTA
DE GALICIA